



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CMUS Profesional de Santiago  
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela CP  
15703Coruña (A)  
Tfno. 981519845, Fax 981519845  
cmus.santiago@edu.xunta.es

**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**  
**REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA**

**MD85PRO01**

# **Programación de percusión**

**curso 2021/22**



**Profesorado:**

**Juan Collazo Quinteiro**

**Antón E. Martínez-Risco Ulloa**



**UNIÓN EUROPEA**  
Fondo Social Europeo  
*O FSE inviste no teu futuro*



## Índice

---

|           |                                                                                |            |
|-----------|--------------------------------------------------------------------------------|------------|
| <b>1.</b> | <b>Introdución.....</b>                                                        | <b>3</b>   |
| <b>2.</b> | <b>Metodoloxía.....</b>                                                        | <b>6</b>   |
| <b>3.</b> | <b>Atención á diversidade.....</b>                                             | <b>10</b>  |
| <b>4.</b> | <b>Temas transversais.....</b>                                                 | <b>13</b>  |
|           | 4.1 Educación en valores.....                                                  | 13         |
|           | 4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s).....   | 15         |
| <b>5.</b> | <b>Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....</b>                | <b>15</b>  |
| <b>6.</b> | <b>Secuenciación do curso.....</b>                                             | <b>16</b>  |
|           | 6.1 Curso: 1ºG.E.....                                                          | 16         |
|           | 6.2 Curso: 2ºG.E.....                                                          | 24         |
|           | 6.3 Curso: 3ºG.E.....                                                          | 33         |
|           | 6.4 Curso: 4ºG.E.....                                                          | 40         |
|           | 6.5 Curso: 1ºG.P.....                                                          | 49         |
|           | 6.6 Curso: 2ºG.P.....                                                          | 59         |
|           | 6.7 Curso: 3ºG.P.....                                                          | 68         |
|           | 6.8 Curso: 4ºG.P.....                                                          | 80         |
|           | 6.9 Curso: 5ºG.P.....                                                          | 92         |
|           | 6.10 Curso: 6ºG.P.....                                                         | 104        |
| <b>7.</b> | <b>Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....</b> | <b>116</b> |
| <b>8.</b> | <b>Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....</b>   | <b>116</b> |
| <b>9.</b> | <b>ANEXOS.....</b>                                                             | <b>117</b> |
|           | 9.1 Probas de acceso 1º de grao profesional.....                               | 117        |
|           | 9.2 Probas de acceso a outros cursos.....                                      | 118        |
|           | 9.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....                    | 124        |





## 1. Introducción

---

### ▪ Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- ORDE do 29 de setembro de 2015 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- CIRCULAR 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- DECRETO 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.





- ORDE do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
- ORDE do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- DECRETO 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- CIRCULAR 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Instruccións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

■ Características do centro

A cidade de Santiago de Compostela, na que se sitúa este conservatorio conta na actualidade no seu ámbito musical con unha Orquestra Sinfónica profesional, a Real Filarmonía de Galicia, con un nivel moi alto e unha programación estable coa súa sé no Auditorio de Galicia, unha sala de concertos que atrae actuacións de gran calidade ao longo do ano e que fai que a cidade conte con unha programación musical estable. Conta tamén con unha Banda de Música Profesional, A Banda de Música Municipal de





Santiago de Compostela, e outras agrupacións non profesionais como o Orfeón Terra Nosa, a Orquestra da USC, etc.

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela atópase situado ao norte da cidade e foi construído no ano 2004. É polo tanto un edificio de nova creación, arquitectonicamente moi vistoso, e con moita luz pero moi reducido para a demanda existente neste momento. Depende organicamente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e nel impártense as materias de grao elemental e profesional que están reguladas nos Decretos 198/2007 e 203/2007 polos que se establece a ordenación dos respectivos graos das ensinanzas de réxime especial de música.

A suspensión no pasado curso académico 2019/2020 das clases presenciais derivada do Estado de Alarma decretado polo Goberno de España para afrontar a situación de emerxencia sanitaria provocada polo Covid-19, fixo que o desenvolvemento do terceiro trimestre tivese lugar nun marco de flexibilidade respecto aos obxectivos e aos contidos previstos na programación didáctica. Seguindo as Instrucións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación, incorpóranse na programación do presente curso medidas que garantan a consecución dos obxectivos e contidos que a situación excepcional do curso 2019-2020 dificultou.

#### ■ Características do alumnado

O conservatorio conta cunha media de 500 alumnos/as. Nel conviven alumnos de características socioculturais e socioeconómicas moi distintas, temos por un lado o alumnado maioritariamente da cidade e do contorno mais próximo con un nivel sociocultural e económico moi variado que buscan no conservatorio unha formación musical complementaria aos seus estudos xerais. Por outro lado temos alumnado dun contorno mais afastado, procedente de escolas de música de lugares como Arca, Valga, Silleda, Vedra, Teo, Rianxo, etc., con unhas inquedanzas distintas e moitas





veces con un interese por completar os estudos profesionais e seguir cos estudos superiores de música, e nalgúns casos con un esforzo moito maior en canto a desprazamento. Aínda existe unha variable mais, Santiago de Compostela conta con un campus universitario que atrae alumnado procedente de outros conservatorios de Galicia que queren compatibilizar os seus estudos universitarios coa finalización dos estudos profesionais de música no Centro.

Todo isto da lugar a unha grande heteroxeneidade no alumnado en canto a dedicación, constancia no estudo, grao de implicación, etc., aspectos a ter en conta na organización do centro e na elaboración das programacións didácticas.

## 2. Metodoloxía

---

### Organización do tempo e do espazo

É importante que o alumno teña moi claro como será o ritmo, ou a rutina que sempre vai haber nas clases como o espazo no cal estas se van desenvolver. Pero vaiaos por puntos: en canto ao tempo, tendo en conta que a especialidade que nesta programación tratamos, a de percusión, é unha especialidade con moitos instrumentos a traballar en cada clase, parece importante crear un hábito de clase no cal o alumno saiba perfectamente por qué instrumento comezar e rematar a clase. Por outra banda, tomarase con seriedade a entrada puntual e ordenada na clase, así como a orde ao dispoñerse para ela. Polo tanto, comezaremos sempre cun pequeno quentamento de 2' na caixa abordando despois o que corresponda a cada unidade e así facer o mesmo coas láminas, os timbais ou a multipercusión. Aínda que poida parecer un pouco obvio, ou mesmo pouco importante, se baquetas e partituras están preparadas aforraranos tempo, xa que é difícil abordar dous e tres instrumentos nunha hora de clase. Ao mesmo tempo, estamos a ofrecer ao alumno unha rutina a seguir: quentamento- técnica- obra.







No que se refire a espazo, é importante que todo instrumento teña o seu sitio; para iso, faremos uso de estantes, caixóns e ganchos para situar todo tipo de instrumentos de xeito ordenado e doadamente localizables. Con isto, facilitaremos manter a orde na aula, tan importante para a impartición das clases e ao mesmo tempo, que á hora de utilizar o material para materias como música de cámara ou orquestra se faga o máis rápido e ordenadamente posible. Pódese dicir tamén que con este aspecto se pretenderá que o alumno adopte a orde como unha parte máis da súa función como percusionista.

Traballárase sempre que se poida con luz solar xa que é máis económico e proporciona máis enerxía, anímicamente falando, que a artificial. Tamén se terá o espello situado fronte aos instrumentos para observarse en cada sesión.

## **Principios metodolóxicos**

Parece moi lóxico tratar a materia de percusión dende a interdisciplinariedade, tratando de unir contidos doutras materias coa nosa para homoxeneizar a aprendizaxe musical e non fraccionala.

Podemos nomear tamén a creatividade, deixando que o alumno aprenda creando, indagando; practicando a improvisación, onde faremos que o alumno se atreva a descubrir partes da súa musicalidade aínda non exploradas.

A actividade propiamente dita parece o principio máis lóxico xa que neste tipo de materia, a práctica xoga un papel importantísimo e aprenderemos basicamente mediante ela.

Trataremos sempre de motivar o alumno na práctica e intentar facer a materia o máis amena e atractiva posible, xa que a clase individual proporciona unha atención personalizada. Por este mesmo motivo, podemos utilizar a proximidade que isto nos dá para non ser meros profesores de música, ou mesmo de percusión, se non formar os alumnos en aspectos importantes como a tolerancia e o respecto, tanto na clase individual coma na de grupo (na que será máis aplicable, se cabe); a educación pola paz, tocando algo no día da Paz; educación ambiental, facendo instrumentos con material reciclado.

Por último, podemos actuar como foco potenciador do alumno en canto a outras disciplinas





que están fóra do centro para que se interese polas bibliotecas, fonotecas, ou para que se realice en formacións que haxa no ámbito cultural como bandas, orquestras, etc; e considérese o conservatorio como rampla de lanzamento para multitude de cousas, non como principio e fin da música.

### **Métodos didácticos**

- Método de proxectos: formularemos situacións de concertos nos que o alumno teña que se arranxar para conseguir instrumentos que deban ser construídos por el e así conseguir que o alumno se mentalice da súa responsabilidade e creza neste aspecto nun plano máis real que a clase.
- Método científico: situaremos o alumno ante un problema como pode ser a exposición dalgún contido a tratar no cal el mesmo sexa o profesor e teña que explicar e demostrar por que algo é así, co cal, afianzará a aprendizaxe xa que terá que buscar o xeito de explicalo e convencer a quen ten diante.
- Aprendizaxe por descubrimento: sen proporcionar o contido a aprender, intentaremos que o alumno descubra se a información que lle damos é correcta. Con isto, estaremos a propiciar o sentido crítico, así como que o alumno estea seguro de por que han de facerse así as cousas.

### **Modelo de aprendizaxe**

Basearémonos na aprendizaxe significativa. O alumno irá descubrindo que os contidos que vai adquirindo lle van servindo de ferramenta para adquirir os seguintes. Intentaremos en todo momento motivar o alumno (moi importante), facéndolle ver que é capaz de facer algo porque traballou outra cousa previamente. Por exemplo, na lectura a vista faremos ver o alumno que a aprendizaxe e razoamento das baquetaciones (sticking) lle fai mellorar a súa lectura en rapidez e calidade.

### **Profesorado**







Sen dúbida, o labor do docente como comunicador é de gran importancia. Debemos pois, crear un ambiente distendido na clase para que o alumno se sinta sempre con confianza no profesor. Debemos poñernos na pel do alumno, intentar comprender a súa realidade e que nos vexan próximos; ollo, isto non significa en ningún momento que perdamos a seriedade, entendida como rigor e responsabilidade; pero está claro que canto máis confíe o alumno no seu profesor, mellores serán os resultados.

É importante que o alumno nos vexa como un guía, non como o seu xuíz; transmitiremos ao alumno que a aprendizaxe é un proxecto común no que nós imos ser a súa mellor axuda e que todos os beneficios obtidos van ser para el, por iso debe haber sempre diálogo e que o alumno poida observar a súa evolución e ser capaz de autoavaliarse. É obvio que o respecto ten que primar por ambas as dúas partes e propiciaremos a participación do alumnado sempre, tanto nas actividades propostas como para que se sintan parte do proceso e o centro, podendo suxerir ideas, propostas e opinións.

Fomentaremos o traballo en grupo para promover o coñecemento do alumnado mediante audicións ou exposicións grupales sobre temas previamente acordados.

Teremos sempre presente a educación en valores, polo tanto, evitaremos as sancións negativas ante os fracasos e recoñeceremos sempre o éxito ante calquera avance.

## **Contextos de aprendizaxe**

Neste punto é importante ter en conta varias cousas:

- **Motivación.** Como xa dixemos no punto anterior, isto depende en boa medida do traballo que fagamos como docente, pero está claro que non somos os únicos protagonistas. Debemos ter en conta a súa relación coas outras materias xa que podemos influír de xeito moi positivo para que o alumno non só se centre no instrumento ou para que non se desentenda ou se sinta desmotivado con algunha materia. Pero tamén inflúe en boa medida o seu ambiente familiar, se hai músicos ou non, se realmente senten paixón pola música e consideran a aprendizaxe musical como algo importante; todo iso fará que o alumno se sinta





apoiado ou non. O mesmo acontece co tipo de poboación. É sabido que en Galicia, comunidade para a que elaboramos esta programación hai unha grande tradición de bandas e agrupacións corais, co cal, non é de estrañar que o alumno se sinta atraído por tocar en calquera agrupación desta índole, xa que é algo factible e moi próximo á vida de calquera persoa nesta comunidade.

Condicionantes do estudo. Trataremos de inculcar no alumno bos hábitos alimenticios, así como descanso regular, deporte e organización no estudo. Podemos tamén suxerir táboas de estudo para axudar ao alumno a organizarse, así como estudar sempre á mesma hora, coidar a postura, aproveitar o tempo que se teña. Todos estes aspectos son determinantes no estudo, que ten o seu máximo efecto na continuidade e con eles podemos axudar positivamente o alumno.

### 3. Atención á diversidade

---

Aínda que o ensino musical se divide en graos e estes á súa vez en ciclos que se dividen en cursos, todo docente debe saber que cada alumno é un mundo e que non todos chegan ao mesmo sitio nin do mesmo xeito. Para iso establécense uns contidos mínimos co fin de homoxeneizar os cursos o máximo que sexa posible. En relación a este punto, dende o primeiro día de clase faremos un diagnóstico inicial que nos permita saber a velocidade de reacción dos diferentes alumnos, a retentiva, os coñecementos previos, a capacidade de atención; porque sabendo isto nos será máis doado traballar os contidos e adaptarnos a cada alumno; non debemos pensar que todos os alumnos van traballar ao mesmo ritmo e tocar de xeito idéntico.

Intentarase crear un clima apropiado que facilite a integración do alumno ou alumna no grupo





de clase e posibilite o maior rendemento escolar e satisfacción persoal, ademáis de utilizar a flexibilidade a todos os niveis: de contidos, de agrupamento, etc. e o emprego do maior número posible de materiais e recursos de que dispón o centro e que facilite a aprendizaxe. Desaconséllanse os grupos homoxéneos en razón das capacidades de interacción do grupo.

Nalgúns casos será necesaria a adaptación por parte do profesor ás condicións específicas do alumnado para lograr unha resposta educativa o máis acorde as súas necesidades.

Realizaremos unha avaliación inicial que nos indique as diferentes características de diversidade que nos axudará a organizar e interpretar correctamente esta información.

## **ATENCIÓN AO ANEAE**

Falaremos neste punto do Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo. Habemos de prestar boa atención a este apartado xa que é un tema de enorme actualidade e o cal non debemos descoidar á hora de programar calquera parte da nosa materia. Dividiremos este apartado nos seguintes grupos:

- Alumnado estranxeiro.

Dependendo do país de procedencia os problemas poden ser moi diferentes. Cando o alumno veña dun país de fala hispana, está claro que o problema do idioma diminúe en grande medida. Por outra banda, debemos sempre considerar esta circunstancia da inmigración como algo enriquecedor para o resto do alumnado xa que sempre haberá cousas novas a aprender. Debido ao carácter procedimental que ten a aprendizaxe dun instrumento, o idioma nunca chegará a ser unha traba realmente grande; non obstante, para favorecer sempre a integración do alumno, procurarase vocalizar claramente, falar máis





devagar, facilitar a linguaxe técnica da materia, que será utilizada diariamente, etc.

Unha cuestión diferente será que haxa grandes diferenzas culturais que poidan facer que o alumno non queira realizar algunhas actividades; en tales casos adaptaranse as actividades, pero sempre coidando que o alumno participe activamente e procurando que en ningún momento o alumno se sinta violento ou discriminado.

Continuando coa cuestión de diferenzas culturais, en música, isto adoita ser sempre positivo xa que nos pode levar a coñecer o folclore musical doutras culturas e podemos utilizalo sempre como parte da educación para a paz e a tolerancia.

- Superdotación intelectual.

Está claro que os obxectivos e os contidos que se marcan á hora de elaborar os plans de estudos se fan con respecto á media; por iso mesmo debemos prestar atención nos alumnos que presenten superdotación. Non esquezamos que isto está considerado no Real Decreto 943/2003 no cal se regulan as condicións para facer máis flexible a duración dos cursos, ciclos, dependendo do caso. Sería absurdo non deixar avanzar a un alumno que claramente o fai a ritmo máis rápido que o resto dos seus compañeiros. En principio, daremos máis contidos ao alumno sempre que a súa aprendizaxe os demande e, en caso de que haxa necesidade de que avance realmente rápido e necesite acceder a un curso que non lle corresponda pola súa idade, adoptaríanse medidas para facilitarlle o devandito acceso.

- Alumnado con necesidades educativas especiais. É aquí onde un profesor debe demostrar a súa capacidade de adaptación ou de adecuación da materia a casos de persoas que padezan algunha minusvalidez física. Dado que as devanditas minusvalideces poden ser de índole moi diferente, sobra dicir que haberá casos con minusvalideces severas nos que sexa practicamente imposible adaptarse a elas; pero isto non é a regra xeral e polo tanto, debemos





estar preparados e ter ferramentas abondo para adecuar os elementos do curriculum a cada un destes casos: reconsideración de obxectivos, contidos e criterios de avaliación.

Á hora de abordar algún de destes casos, debemos ter presente que as minusvalideces físicas non están directamente relacionadas coas súas aptitudes ou con que non reaccionará "tan ben" aos estímulos musicais como o alumnado non minusválido. En moitos casos de minusvalidez, o mero feito do problema fai que a música sirva de válvula de escape e fío condutor da súa superación, co cal, o afán e o avance son superiores ao resto.

O mesmo acontece coas aptitudes; un individuo pode padecer unha paraplexia e non obstante posuír unhas habilidades moi superiores á media para a música. Hai moitos instrumentos para os cales un grande número de minusvalideces non afectan en absoluto. No caso da percusión, temos a dificultade da psicomotricidade entre as catro extremidades, o que nos leva a pensar en readaptar partes como os pedais (vibráfono, timbais, batería, set-up) ou instrumentos que esixan grande amplitude de movementos nos brazos e pernas, como a marimba. Pero reiteramos que hai que partir da base de que todo é adecuado a segundo que minusvalideces e hai que formular a materia sempre dende a integración, xa que unha minusvalidez física non ten que ser, necesariamente, un impedimento para estudar un instrumento.

## 4. Temas transversais

---





## 4.1 Educación en valores

Tal e como contemplan as Leis Educativas, hai unha serie de contidos que deben estar presentes en todo o currículo, son os coñecidos como temas transversais.

Claro está que cada profesor introducirá ao seu xeito con diferentes actividades e actitudes os diferentes temas transversales que máis se adapten á súa materia, co cal, nós esbozarémolos do seguinte xeito:

A) Educación ambiental. Xa comentamos anteriormente que considerabamos a posibilidade de facer un concerto con instrumentos de percusión feitos con materiais reciclados e con iso pretendemos plasmar a idea de concienciar os alumnos da importancia da reciclaxe.

Asímesmo e relacionándoo coa música, falaremos da importancia do silencio en música, porque sen o silencio, o son non sería nada e viceversa; de ahí a importancia da "non" contaminación acústica. Igualmente, podemos falar do silencio como norma básica de respecto cara ao que fala ou, no noso campo, ao que está a tocar.

B) Educación para a saúde. Podemos transmitir tamén que un bo coidado da nosa saúde repercutirá positivamente en todos os aspectos da nosa vida, tanto físicos como psíquicos. Non só debemos vixiar a nosa postura cando toquemos o instrumento e o mesmo coa respiración, son aspectos saudables aplicables a calquera aspecto da vida, aínda que tomemos como exemplo para a súa explicación o que máis inmediatamente nos concerne, que é a clase de instrumento.

C) Educación para a paz e a tolerancia. Parece inmensamente lóxico que no mundo de hoxe en día teñamos isto presente nun traballo no que temos que educar. Factores como a cantidade de violencia que vemos e vivimos diariamente ou a crecente mestura racial e cultural son razóns máis que suficientes para que xa dende a aula, todos nos respectemos, aceptemos e intentemos desempeñar a nosa función o mellor posible; isto significa desenvolvemento social do alumno e tolerancia coas diferentes ideas que poidan xurdir (sobre todo nunha clase de grupo).

Neste apartado a percusión é moi integradora xa que se tocan instrumentos de moitas culturas, sobre todo na percusión de man. Aquí podemos suxerir a visualización dun video







onde se fale de instrumentos doutras culturas.

## 4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

É case imposible que en calquera tipo de estudio do tempo en que vivimos non se usen as TIC. Será o noso deber dende a aula propiciar un bo uso delas como complemento da aprendizaxe.

Encomendaranse pequenas tarefas de investigación acerca dos compositores que se estean a tocar, así como pequenos monográficos sobre familias de instrumentos ou a historia mesma da percusión, a percusión na orquestra. Con iso estaremos a levar ao alumno a facer un bo uso de Internet ou bibliografía diversa. Debemos acender no alumno a lapa de "querer saber", da inquietude, porque non todo está na aula e hai que complementarse con moitas outras pólas da arte e do saber.

Dentro deste apartado tamén debemos ter en conta a enorme importancia que ten para un estudante de música o propio feito de escoitar música, polo que se instará ao alumno a que bucee na rede para atopar referencias musicais que teñan que ver co material que se está a tratar na aula.

Faráse uso de reprodutores de audio coma mp3 ou reprodutores de cd cando se traballen pezas con acompañamento (play along) de música pregravada.

Dado a actual situación,terase en conta os medios audiovisuais e as variante destas para ter un seguimento pedagóxico o máis práctico e continuado posible, derivado sobre todo nos





aspectos de clases semipresenciais, e non presenciais, na que a carencia da presencialidade debe ter unha resposta o máis axeitada para non perder o fío da programación.

## **5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas**

---

O departamento fará fincapé na participación do alumnado nas actividades organizadas polo mesmo, tanto nas audicións trimestrais organizadas polo mesmo coma nas audicións doutros departamentos.

Promoveráse a organización de cursiños destinados a completar a formación dos alumn@s do centro e se fomentará a súa asistencia.

É importante que o alumno coñeza a oferta musical de Santiago de Compostela, como son a súa Banda Municipal ou a Real Filharmonía de Galicia, polo que dende o centro se colabora cas institucións musicais da cidade para propiciar unha mellor aprendizaxe e poder amosar a faceta profesional dun intérprete de calquer instrumento.

Os concertos fóra do centro teñen especial interese tanto como práctica de audición pública, como de promoción do traballo levado a cabo no centro de cara á cidade.

Todos estas actividades veránse condicionadas co actual panorama, polo que se levarán a cabo si as directrices do centro o permiten.

## **6. Secuenciación do curso**

---





## 6.1 Curso: 1ºG.E.

### 6.1.1 Obxectivos

- Coñecer as características de todos os instrumentos que constiúen a familia da percusión e as súas posibilidades sonoras para utilizalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na colectiva.
- Adquirir a técnica básica nos distintos instrumentos de percusión que se utilicen.
- Demostrar sensibilidade auditiva: coñecemento dos diversos instrumentos e posibilidades sonoras.
- Coñecer a forma de obter sons mediante diferentes tipos de baquetas, mans, etc.
- Aplicar a técnica de agarre básica (polgar e indicador, golpeo de pulso, baqueta

solta). Dixitación correcta nas láminas, mans alternas.

### 6.1.2 Contidos

- Descubrimento da familia dos instrumentos de percusión
- Practica de patróns que o leven a unha consecución de elementos rítmicos acordes ó curso
- Interpretación de fragmentos musicais en cada un dos tres instrumentos, láminas, caixa e multipercusión.
- Descubrimento do golpe continuo..
- Iniciación á técnica de agarre para cada instrumento dos traballados.

#### **En termos de métodos didácticos orientativo que se empregan na aula:**

*\* O profesor poderá engadir, segundo o caso, máis estudos dos especificados por trimestre, dentro dos propostos en cada especialidade.*

#### **Caixa**





- 1º Trimestre: 33% do Método de percusión Vol. I, de M. Jansen
- 2º Trimestre: 33% do Método de percusión Vol. I, de M. Jansen
- 3º Trimestre: 33% do Método de percusión Vol. I, de M. Jansen

\* O profesor poderá engadir, segundo o caso, máis estudos dos especificados por trimestre, dentro dos propostos en cada especialidade.

#### Láminas:

- 1º Trimestre: 33% do Método de percusión Vol. I, de M. Jansen
- 2º Trimestre: 33% do Método de percusión Vol. I, de M. Jansen
- 3º Trimestre: 33% do Método de percusión Vol. I, de M. Jansen
- 

#### Timbais:

- 1º Trimestre: 33% do Método de percusión Vol. I, de M. Jansen
- 2º Trimestre: 33% do Método de percusión Vol. I, de M. Jansen
- 3º Trimestre: 33% do Método de percusión Vol. I, de M. Jansen

#### Batería:

- 1º Trimestre: 33% do Método de percusión Vol. I, de M. Jansen
- 2º Trimestre: 33% do Método de percusión Vol. I, de M. Jansen
- 3º Trimestre: 33% do Método de percusión Vol. I, de M. Jansen





### 6.1.3 Avaliación

#### Criterios de avaliación

- Demostrar capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
- Utilizar da memoria musical na interpretación.
- Adquirir hábitos correctos e eficaces de estudo.

### 6.1.4 Avaliación

#### Mínimos esixibles

- Adoptar unha correcta posición e utilización muscular ante os instrumentos de percusión.
- Escalas de Do, Re, Mi, Fa, Sol, La e Si maiores.
- Agarre correcto das baquetas e movemento natural.
- Unha peza de batería ou de caixa, e unha de marimba das propostas para este curso.





## Procedementos e ferramentas de avaliación

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados.

O Profesor/a valerase das seguintes ferramentas para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento de cada unha das sesións de clase.
- Seguimento do grao de estudo do repertorio na casa.
- Grao de participación e actitude en cada concerto **e/ou audición**.
- Probas puntuais de nivel, individuais ou en grupo, de calquer fragmento do repertorio a petición do profesor, se fose necesario.

Dada a importancia que a observación directa por parte do profesor ten nas ferramentas e procedementos de avaliación, o **profesor/a lebará conta destes aspectos por escrito nun rexistro/diario de clase** do que será responsable el mesmo co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.





### **Criterios de cualificación**

- Ler partituras, axeitadas ó seu nivel, a primeira vista. (15%)
- Memorizar e interpretar textos musicais con medida, afinación, articulación e fraseo axeitado. (20%)
- Interpretar pequenas pezas, axeitadas ó nivel en diferentes instrumentos. (15%)
- Tocar en público con destreza e autocontrol. (15%)
- Comprender a importancia dos diferentes parámetros que rexen a música, e aplicar os devanditos parámetros na interpretación musical, acorde ó nivel de cada curso. (20%)
- Actitude fronte a materia. (15%)

### **Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

As ampliacións de matrícula serán propostas como norma xeral por iniciativa do titor, unha vez consultado todo o profesorado que teña docencia co alumno/a, e estará reservada, por unha parte, para aqueles casos en que se considere que a permanencia no curso e que está matriculado/a pode representar un conflito no desenvolvemento da aprendizaxe e por outra, terá que preverse que a ampliación non suporá un problema no desenvolvemento normal do curso ao que accede.

Para a súa tramitación, será o titor o que o comunique a xefatura de estudos, e a avalaición realizarase nos prazos acordados en CCP de comezo de curso.

E preciso ter superado todas as materias para proceder a ampliación de matrícula.







A programación que se esixirá será a que se expón para o curso no que esté matriculado inicialmente.

### 6.1.5 Medidas de recuperación

#### Procedementos de recuperación ordinarios

Dado o carácter continuo da formación instrumental, o alumno deberá acadar o nivel do curso a recuperar antes de abordar o repertorio do curso seguinte. Non obstante, dado que o programa de cada curso é flexible, poderase intercalar obras e exercicios de ambos cursos, sempre tendo en conta o criterio do profesor, sendo aconsellable que o alumno asista ás clases colectivas do curso que debe recuperar.

- Perda de avaliación continua

Nos casos en que, de acordo co procedemento disposto nas Normas de Organización e Funcionamento vixentes, o alumno/a perde o dereito á avaliación continua, dito alumno/a terá dereito a realizar unha proba específica, marcada en data e no mesmo horario de clase, na que se avalíen obxectivamente os seus coñecementos a efectos da superación da materia.

#### Probas extraordinarias de setembro

No Grao Elemental, as probas extraordinarias de setembro rexiranse polos contidos mínimos esixibles que veñen especificados ó final de cada curso.





### 6.1.6 Recursos didácticos

A continuación enumeramos un material bibliográfico orientativo de referencia que reúne as condicións axeitadas para a adquisición dos contidos deste curso a través do seu estudo. O profesor será o encargado de seleccionar aqueles recursos que mellor se adapten ao alumnado atendendo aos criterios pedagóxicos que estime máis oportunos.

#### ▪ Caixa

##### **Métodos/Estudos**

Metodo de Percusión Vol.1 (M. Jansen)

Elementary Snare Drum Studies (Peters)

Fundamental Studies for Snare Drummer (G. Whaley)

Primary handbook for Snare Drum (G. Whaley)

Snare Drum Method Book I (Vic Firth)

Studies for Snare Drum Vol. 1: Elementary-Exercises (S. Fink)

#### ▪ Timbais

##### **Métodos/Estudos**





Metodo de Percusión Vol.1 (M. Jansen)

Fundamental Method for Timpani (Peters)

Fundamental Studies for Timpani (G. Whaley)

Primary handbook for Timpani (G. Whaley)

Graded Music for Timpani (Hathway & Wright) Grade 1

▪ **Marimba/Xilófono**

***Métodos/Estudos***

Metodo de Percusión Vol.1 (M. Jansen)

Fundamental Studies for Mallets (G. Whaley)

Primary handbook for Mallets (G. Whaley)

15 Estudios para Xilófono (M. Jorand)

Graded Music for Tuned Percussion (Hathway & Wright) Grade 1

Les Claviers á percussions parcourent le monde Vol. I (E. Sejourné)

▪ **Set-up**

***Estudos/Obras***

Metodo de Percusión Vol.1 (M. Jansen)

Estudios Progresivos de Multipercusión (S. Pelejero)

Multi-Pitch Rhythm Studies for Drums (R. Delp)





## 6.2 Curso: 2ºG.E.

### 6.2.1 Obxectivos

- Coñecer as características de todos os instrumentos que constitúen a familia da percusión e as súas posibilidades sonoras para utilizalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na colectiva.
- Adquirir a técnica básica nos distintos instrumentos de percusión que se utilicen.
- Demostrar sensibilidade auditiva: coñecemento dos diversos instrumentos e posibilidades sonoras.
- Coñecer a forma de obter sons mediante diferentes tipos de baquetas, mans, etc.
- Aplicar a técnica de agarre básica (polgar e indicador, golpeo de pulso, baqueta solta). Dixitación correcta nas láminas, mans alternas.

### 6.2.2 Contidos

- Descubrimento das sonoridades das 3 familias de instrumentos, láminas, caixa e multipercusión.
- Desenvolvemento da técnica através de apartados técnicos coa grafía que se especifica para o curso.
- Interpretación de pequenas fragmentos tanto en lectura como de memoria .
- Provocar interese pola audición nos diferentes instrumentos.
- Práctica de hábitos de estudos e secuenciación de estudio correctos.





**En termos de métodos didácticos orientativo que se empregan na aula:**

*\* O profesor poderá engadir, segundo o caso, máis estudos dos especificados por trimestre, dentro dos propostos en cada especialidade.*

**Caixa**

- 1º Trimestre: 33% do Método de percusión Vol. II, de M. Jansen
- 2º Trimestre: 33% do Método de percusión Vol. II, de M. Jansen
- 3º Trimestre: 33% do Método de percusión Vol. II, de M. Jansen

\* O profesor poderá engadir, segundo o caso, máis estudos dos especificados por trimestre, dentro dos propostos en cada especialidade.

**Láminas:**

- 1º Trimestre: 33% do Método de percusión Vol. II, de M. Jansen
- 2º Trimestre: 33% do Método de percusión Vol. II, de M. Jansen
- 3º Trimestre: 33% do Método de percusión Vol. II, de M. Jansen
- 

**Timbais:**

- 1º Trimestre: 33% do Método de percusión Vol. II, de M. Jansen
- 2º Trimestre: 33% do Método de percusión Vol. II, de M. Jansen
- 3º Trimestre: 33% do Método de percusión Vol. II, de M. Jansen
- 

**Batería:**

- 1º Trimestre: 33% do Método de percusión Vol. II, de M. Jansen





- 2º Trimestre: 33% do Método de percusión Vol. II, de M. Jansen
- 3º Trimestre: 33% do Método de percusión Vol.II, de M. Jansen

### 6.2.3 Avaliación

#### Criterios de avaliación

- Demostrar capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
- Utilizar da memoria musical na interpretación.
- Adquirir hábitos correctos e eficaces de estudo.

### 6.2.4 Avaliación





## Mínimos esixibles

- Adoptar unha correcta posición e utilización muscular ante os instrumentos de percusión.
- Escalas de Do, Re, Mi, Fa, Sol, La e Si maiores.
- Agarre correcto das baquetas e movemento natural.
- Unha peza de batería ou de caixa, e unha de marimba das propostas para este curso.

## Procedementos e ferramentas de avaliación

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados.

O Profesor/a valerase das seguintes ferramentas para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento de cada unha das sesións de clase.
- Seguimento do grao de estudo do repertorio na casa.
- Grao de participación e actitude en cada concerto **e/ou audición**.
- Probas puntuais de nivel, individuais ou en grupo, de calquer fragmento do repertorio a petición do profesor, se fose necesario.





Dada a importancia que a observación directa por parte do profesor ten nas ferramentas e procedementos de avaliación, o **profesor/a lebará conta destes aspectos por escrito nun rexistro/diario de clase** do que será responsable el mesmo co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

### Criterios de cualificación

- Ler partituras, axeitadas ó seu nivel, a primeira vista. (15%)
